



## PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O DÍA 14 DE ABRIL DO 2020

HORARIO	ACTIVIDADE
09:00	Aséome e preparo o meu almorzo
10:00	<b>DÍA MUNDIAL DA SAÚDE</b>
11:00	Aséome e preparo o miña merenda
12:00	Xogo libre/xogo só
13:00	<b>OS NOSOS XOGUETES</b>
14:00	Aséome e axudo a preparar a comida e poñer a mesa

AS ACTIVIDADES PROPOSTAS SON FLEXIBLES E VOLUNTARIAS



## 7 DE ABRIL DÍA MUNDIAL DA SAÚDE

Aarón vai pasar uns días a casa de Andaluna porque as súas mamás están de viaxe. Esa fin de semana, Andaluna descobre que o seu primo Aarón non practica ningún deporte e que come demasiadas chucherías. Ao luns seguinte, cando regresa ao colexio, a cuadrilla decátase de que se celebran a Décimo oitava Semana de Baloncesto e deciden formar un equipo. A metade de campionato, Margarita ten que deixar o equipo por unha dor de moas ao darse un atracón de chucherías e buscan un suplente: Aarón. A cuadrilla terá que traballar duro para converter a Aarón nun deportista e cambiar os seus hábitos pouco saudables.




PREMA NO ENLACE PARA VER O CONTO:

<https://www.youtube.com/watch?v=38IWHupkMg4>



CREAMOS A NOSA PROPIA PIRÁMIDE ALIMENTICIA





## PROPOSTAS DE EDUCACIÓN FÍSICA

### A PARTIRES DO MARTES 14 DE ABRIL

Ola a todos!! Estas semanas seremos os súperdeseñadores dos nosos propios xogos con material de refugallo. Tedes unhas propostas variadas para cada unha das vindeiras catro semanas. Buscade materiais por casa e **sede creativos, que xa sei que o sodes**, tedes moitas opcións para cada unha das propostas que seguros vos quedarán xeniais, como máis vos guste.

A idea é que cando esto remate (ogallá que sexa pronto) compartilos xoguetes cos compañeiros e probalos todos....Son estos...

#### Proposta Semana 1



Cunha garrafa cortada pola metade e decorada como vos guste faremos este xogo . Necesitamos tamén unha pequena pelota para encestar.

Podes lanzala ti mesmo ou con axuda doutra persoa a diferentes distancias. Practica coa man esquerda e a dereita.

Mola eh!!!

#### Proposta Semana 2



Neste xogo precisamos un vaso de papel ou plástico, un trozo de fio ou la e unha pequena pelota cun contrapeso dentro coma unha canica. Consiste en facerle un buratiño no fondo do vaso e pasar un fio por dentro facendolle un nó grande para que non escape. Do outro extremo amarramos o contrapeso envoltto en papel (pode ser de aluminio) e o sustentamos ben. Emprega pegamento se o precisas.

Xa o tedes... pois a xogar!! a ver se con vos balanceas tedes capaces de encestar no vaso.

#### Proposta Semana 3



Queredes xogar ós bolos feitos na casa!! Pois veña, buscade botellas ou envases de logur (tipo actimel) procurando conseguir 6 iguais posto que a colocación será de tres detrás, dous no medio e un diante. Cando os teñas os podes decorar como te apateza e xa o temos listo!

Xoga desde diferentes distancias e cando os tires sempre coma un profesional....para ser algo máis difícil os podes encher de auga para que pesen máis e complicalos un chisco.

#### Proposta Semana 4



**INVESTIGACIÓN!!!** Nesta semana teredes que falar con algún familiar ou persoa que coñezades que teña máis de 60 anos e vos conte o seu xogo favorito de cando era un neno. Ese xogo apréndeo ben e **fai un debuxo** para que cando voltemos o cole compartilo cos demais e facer un mural cos debuxos.

Moi atentos as normas e o material que precisamos para facelo.

**MOITO ÁNIMO... XA QUEDA MENOS!!!**